

Apropiación cultural

Hai un par de meses experimentei a ledicia de vivir nunha cidade cosmopolita. Visitaba a cidade a escritora hindú Arundhati Roy para promover a súa segunda novela *O Ministerio da Felicidade Suprema / The Ministry of Utmost Happiness*. Arundhati é autora daquel libro que marabillara a medio mundo hai agora vinte anos. Refírome a “O Deus das cousas pequenas” (*The God of small things*). Vendeu millóns de exemplares polo mundo adiante e logo dedicou á súa vida a varias causas perdidas de antemán. En galego coido que non hai traducións e non porque non existan magníficos tradutores do inglés ao galego, senón porque o noso sistema literario co seu tamaño minúsculo non dá para unha política de traducións áxil (nin no tempo nin na selección das obras a traducir). Non é un reproche, pois moitos esforzos se fixeron e se fan aínda para remontar esta corrente que nos leva.

A escritora hindú foi crítica coas organizacións non gobernamentais de cooperación ás que acusou de ser parte do deseño do sistema capitalista (facilitando a súa perpetuación, axudando a lavar as súas vergonzas), de establecer unha amalgama confusa entre o que son os dereitos fundamentais dos individuos (forzas que teñen como obxectivo a igualdade) e a caridade (forzas que teñen como obxectivo a perpetuación no dominio de quen exerce a caridade). Falou tamén de apropiación cultural na que se di que un autor dunha etnia “a” non pode falar da realidade doutra etnia diferente sen apropiarse dos dereitos do primeiro a contar a súa historia, visto que a historia sempre a escriben os gañadores. Falou tamén da ficción como territorio de liberdade –un clásico.

A semana pasada tiven a oportunidade de ir ver ao cinema “*Viceroy’s House*”, que narra a partición da India en dous estados, a República da India e o Paquistán (dividido á súa vez en dúas metades, a Oriental no Golfo de Bengala e a Occidental no Punjab). A división foi acordada para acalar os enfrontamentos violentos entre as comunidades musulmáns (que querían un estado separado doutras confesións relixiosas) e os que practicantes do hinduísmo. Conviviran durante séculos, mais os imperialistas ingleses, co seu racismo pertinaz, contribuíran a encerrar os ánimos das distintas faccións relixiosas. No filme, Lord Mountbatten, o derradeiro vicerrei da India, ten que se confrontar a esta situación de conflito e non consegue o obxectivo dunha India unida e independente como lle reclamaran Mathama Gandhi e Nehru.

Cal é o fío, pois, que une os dous actos culturais, a entrevista de Arundhati Roy, unha escritora e activista política e a proxección do filme de Gurinder Chadha, unha directora de cinema hindú que conta a historia da independencia da India da metrópole británica. O fío, ao meu parecer é a lingua. As dúas obras están, escrita unha e escrita e interpretada a outra na lingua inglesa, ou sexa na lingua do colonizador. Se así non fose, nin as novelas de Arundhati nin os filmes de Chadha terían unha difusión global. Só é un dato. Significativo, enténdase, polo que ten de necesidade do colonizado de non empregar a súa lingua de orixe (que non ten utilidade nese ámbito da literatura) senón a lingua do Imperio. Unha cuestión pragmática, unha progresiva aculturación na lingua propia? Unha cuestión de sobrevivencia? Pode ser. Doutro xeito se non expresaran as súas ideas nunha lingua maioritaria a súa capacidade de difusión sería mínima.

Non pretendo extraer conclusións. Este non é un artigo deseñado para iso, senón para remoer unha cuestión incómoda que parte da constatación dun feito claro: a aculturación, cando non a apropiación cultural que exerce o estado dominante sobre as culturas dos dominados. En tan gran medida que eses vasalos –malpocados- acaban por falar e por se expresar en exclusividade na lingua dos dominadores, que xa lles roubaran a paisaxe, a gastronomía, as artes todas e os costumes. Outros prefiren procurar outros dominadores noutras linguas maioritarias - malpocados tamén.